

PROPOSTA DE ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS “POUSA DE FONTÁN” DO CEIP PLURILINGÜE CHANO PIÑEIRO DE GONDOMAR

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS POUSA DE FONTÁN”, con nº no Rexistro Provincial 5409 e CIF 366880110, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e de acordo co artigo 22 da Constitución e o artigo 5 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito de educación e demais lexislación aplicable.

Artigo 2. Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social nas instalacións do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro situado na rúa Pousa de Fontán, nº 22 A, localidade Mañufe, C.P. 36388 no concello de Gondomar, empregándoo tamén a efectos de comunicación e notificación. As canles de comunicación establecidas neste momento coa ANPA son mediante o teléfono 672 998 650 e por correo electrónico *pousadefontan.anpa@gmail.com*.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación constitúese no Centro Docente: CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro, polo que o seu ámbito territorial de actuación será a localidade de Gondomar.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e soamente se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente. Dita asociación rexerá segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. Son fins principais da asociación:

- A. Asistir aos pais e nais ou titores/as en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos, fillas, pupilos ou pupilas.
- B. Colaborar na labor educativa co centro e, dun xeito especial, nas actividades complementarias extraescolares.
- C. Promover a participación dos pais, das nais e do alumnado na xestión do centro, sostido con fondos públicos, de conformidade co disposto no art. 27.7 da Constitución.
- D. Promover a participación das nais, pais e alumnado no control e xestión do centro, a través do consello escolar do mesmo, e das canles aprobadas na propia ANPA, facilitándolles asistencia no seu dereito a interviren.
- E. Facilitar a representación e a participación dos pais e nais de alumnos ou alumnas nos Consellos Escolares .
- F. Fomentar a relación de cooperación do centro con outros centros educativos e cos sectores sociais e culturais da contorna.
- G. Participar na elección dos representantes dos pais, nais e titores, nos órganos colexiados do centro educativo e, no seu caso, concello, provincia, comunidade autónoma ou calquera outra instancia pública de ámbito territorial mais amplo, promovendo candidatos, velando pola pureza do proceso electoral e colaborando na correcta realización das eleccións.
- H. Participar nos órganos do CEIP, concello, provincia, comunidade autónoma ao administración central do estado, nos que estea establecido ou se requira a presenza da asociación.

- I. Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do centro escolar, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o seu alumnado, sen ningún tipo de discriminación.
- J. Conseguir a igualdade efectiva de oportunidades de trato entre mulleres e homes
- K. Defender os dereitos e liberdades das persoas e colectivos LGTBIQ
- L. Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, demandando a atención e axudas que esta mereza.
- M. Promover actividades formativas, culturais, deportivas, de estudo e lecer, para toda a comunidade educativa nas que rexan os seguintes principios:
 - a. Non discriminación.
 - b. Igualdade entre homes e mulleres.
 - c. Defensa da non violencia e da resolución pacífica de conflitos.
 - d. Laicidade.
 - e. Utilización, promoción e defensa da Lingua e cultura galegas.
 - f. Inclusión, facilitando especificamente o acceso de todo o alumnado, calquera que sexan as súas condicións persoais, a todas as actividades realizadas, promovidas, ou apoiadas pola asociación.
- N. Promover unha relación positiva e amigábel entre todos os membros da comunidade educativa do centro escolar; asumindo como principio básico o da acción común e coordinada en beneficio do alumnado e na defensa dos seus dereitos educativos e persoais.
- O. Colaborar cos servizos sociais do Concello onde se localice o centro escolar, no senso de lle comunicar aquelas situacións que a ANPA poida coñecer no desenvolvemento das súas funcións para facilitar a actuación deste departamento municipal.
- P. No caso de poder facelo sen vulnerar a normativa sobre protección de datos, procurárase realizar esta comunicación de acordo coa dirección do centro educativo. En ningún caso a Anpa tentará resolver a situación polos seus propios medios, xa que os servizos sociais non son accións da súa competencia.

- Q. Para mellor cumprimento dos seus fins, a asociación poderá integrarse en calquera federación comarcal, provincial ou autonómica que a Asamblea Xeral decida así como desligarse das mesmas se se considerase necesario.
- R. Aqueloutros que, non estando expresamente recollidos nestes estatutos, sexan lícitos e teñan que ver coas funcións e obxectivos desta asociación, rexeitando expresamente a realización de ningún tipo de actividade comercial, que non é compatíbel coa nosa condición de asociación sen ánimo de lucro.
2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:
- A. Actividades extraescolares dirixidas ao alumnado do centro escolar que fomenten a conciliación da vida familiar e laboral.
 - B. Reunións coas familias e/ou colectivos que poidan estar afectadas por calquera problema xurdido no centro escolar.
 - C. Reunións periódicas coa directiva do centro escolar para asegurar unha comunicación constante que reverta nun mellor funcionamento do centro educativo.
 - D. Reunións cos responsábeis políticos, municipais, provinciais ou autonómicos para reclamar, individual ou conxuntamente con outras asociacións do ámbito territorial interpelado, as melloras necesarias para o centro educativo.
 - E. En ningún caso a asociación poderá realizar ningún tipo de actividades, nin facer publicidade, que teñan como única ou principal intencionalidade a de recadar fondos, ben sexan para a propia asociación ou para o centro escolar no que estea integrada.

Como asociación sen ánimo de lucro, os beneficios que se obteñan por calquera concepto, excepto as achegas efectuadas como dotación patrimonial, destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. Os asociados e familiares serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola asociación.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

As persoas asociadas serán aquelas que formen o conxunto social do que se nutre a asociación de nais e pais (ANPA), e reunirán as seguintes características:

- A. Serán persoas físicas, coa condición de nai, pai, titora ou titor de alumnas ou alumnos que cursen os seus estudos no centro docente e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
- B. Serán persoas maiores de idade, ou menores emancipadas con capacidade de obrar, e non suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito de asociación.
- C. Expresarán a súa vontade específica de formar parte da asociación, do xeito que estableza a Asemblea Xeral da mesma.
- D. Actuarán sempre a título individual, sen pretender representar a outra persoa socia coa que poidan manter algunha relación de carácter afectivo ou legal sen que medie constancia da representación atribuída.

A asociación poderá recorrer á colaboración de persoas concretas non socias para accións puntuais, o que se inscribirá dentro da acción voluntaria que puidera promover a asociación para mellor cumprir os seus fins e obxectivos.

Estas persoas colaboradoras non socias non participarán da vida asociativa máis que na actividade concreta na que desenvolvan a súa colaboración; e a súa participación nas asembleas limitarase ao que teña referencia coa súa actividade de voluntariado, e sen poder en ningún caso exercer o dereito de voto na mesma.

Artigo 8. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de persoa asociada pérdese:

- A. Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación e implicará o borrado dos datos non imprescindíbeis dos rexistros da asociación, de acordo coa normativa de protección de datos.
- B. Por falta de pagamento da cota anual, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta directiva, á persoa interesada. Neste caso, a presidencia da ANPA deberá abrir un expediente que terá, como mínimo, os seguintes pasos:
 - a. Notificación á persoa interesada da constancia do non pagamento da cota.
 - b. Apertura dun prazo, non inferior a unha semana e non superior a tres meses, para que a persoa interesada poida explicar o que aconteceu, e teña posibilidade de corrixilo, se ese é o seu desexo.
 - c. Proposta á Asamblea Xeral da expulsión da persoa asociada non pagadora.
 - d. Aprobación pola Asamblea Xeral a expulsión da persoa asociada non pagadora.
 - e. En calquera momento, a persoa asociada que fose expulsada poderá volver a solicitar a súa alta na asociación, poñéndose ao día no pagamento de cotas se é no mesmo curso escolar no que se lle expulsou, sen que poidan derivarse ningún tipo de consecuencias da expulsión realizada.
- C. Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- D. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. As persoas socias serano en tanto non se dea algunha das condicións indicadas no apartado anterior, polo que en ningún caso se perderá a condición de persoa asociada pola simple finalización dun curso escolar, nin se solicitará a renovación da vontade de ser socia a ningunha persoa que xa a indicara en anos anteriores. Todo isto sen prexuízo da solicitude de actualización dos datos que obren en poder da secretaría da Asociación, se así se considerase necesario.

Artigo 9. Dereitos

As asociacións de nais e pais adoitan facer constante referencia ao concepto de “familia” para referirse ao proxenitor ou proxenitores do alumnado, pero este termo non define a un suxeitos de obrigas e dereitos, senón tan só a unha fórmula coloquial de definir á relación afectiva e patrimonial que xunta a dúas persoas e, neste caso, as identifica directamente cunha alumna ou alumno do centro escolar.

Porén, da definición dos dereitos das persoas asociadas temos que prescindir dese concepto, para centrarnos na individualidade de cada unha das persoas físicas que o compoñen, por iso falamos de dereitos individuais das persoas asociadas, que serán:

- A. Participar nas actividades da asociación
- B. Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno aínda que no mesmo órgano xa figurase como membro, ou como candidata-o, o outro proxenitor da súa filla ou fillo.
- C. Participar nas Asembleas con voz e voto.
- D. Os asociados/as poderán facer delegación de voto a través dun escrito dirixido á Xunta Directiva, indicando explícitamente: nome e DNI do representante no que efectúa a súa delegación de voto. O representante, no seu caso, deberá acreditar a súa identidade presentando o DNI o día da Asemblea Xeral e só poderá recibir unha delegación de voto.
- E. Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida ter.

- F. Ter copia destes Estatutos.
- G. Recibir información da composición dos órganos de representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade anualmente. Esta información non pode ter máis condición que a da oportunidade de consulta, que deberá ser resolta nun prazo moi breve, preferibelmente de horas, para asegurar á persoa socia a máxima información constantemente.
- H. Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- I. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- J. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais. Sendo necesario para impedir este dereito que se teñan realizado, como mínimo, os pasos 1, 2 e 3 do artigo 8.1.b) destes Estatutos.

Artigo 10. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- A. Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- B. Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
- C. Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- D. Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

CAPÍTULO III - DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 12. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas. O/A Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 13. Reunións da Asemblea Xeral: clases e convocatoria

1. Reunións ordinarias:

Celebraranse como mínimo dúas reunións ordinarias por curso escolar, que serán convocadas pola presidencia da asociación:

- A. Unha na que se presenten para a súa aprobación os obxectivos de actuación para o curso que comeza, e na que se aprobará tamén o orzamento anual da asociación, que será o que marque os límites de actuación da Xunta directiva en canto aos proxectos de gasto. Este orzamento poderá ser modificado en calquera momento por unha asemblea xeral, ordinaria ou extraordinaria, convocada ao efecto.
- B. Unha segunda na que se presente a liquidación das contas do curso rematado, e na que se faga unha explicación de detalle da actuación da asociación durante o período que remata, relacionando os obxectivos aprobados ao inicio do exercicio cos obxectivos conseguidos, e solicitando a valoración da Asemblea Xeral sobre o traballo realizado. Esta reunión celebrarase ben durante a última quincena do curso escolar, ou ben no primeiro trimestre do curso seguinte.

Nas convocatorias das asembleas que se remitirán ás socias polos medios que foran aprobados pola Asemblea Xeral e sempre asegurando que todas as persoas socias teñan coñecemento da convocatoria e posibilidade de asistencia, farase constar exactamente o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día, que será a que indique cales van ser os puntos concretos que se queiran tratar, e enviarase así mesmo toda a

documentación necesaria para que as asociadas poidan tomar as decisións que se lles demanden.

As convocatorias para as asembleas ordinarias, e o envío da documentación correspondente, realizaranse cun mínimo de sete días naturais de antelación; se ben procurárase ampliar ese prazo sempre que se xa posíbel, coa intención de favorecer o estudo e o debate das decisións que deban tomarse na asemblea xeral.

2. Reunións extraordinarias:

Son aquelas que se poidan realizar a maiores das reunións ordinarias indicadas no apartado anterior.

Terán as mesmas condicións e circunstancias que as ordinarias, en canto ás ordes do día, quórum de celebración e difusión de información a todas as asociadas, agás de:

- A. A anticipación de convocatoria será de tres días como mínimo, aínda que se procurará convocalas coa máxima antelación posíbel agás do caso seguinte.
- B. A presidencia convocaraas necesariamente no prazo de tres días lectivos se así o solicitan un dez por cento das asociadas mediante escrito dirixido á presidencia da asociación ou por necesidade imperiosa da Xunta Directiva. O escrito poderá ser presentado por calquera dos medios cotiáns, incluído o correo electrónico, e nel deberá constar o obxecto da convocatoria, que será o primeiro punto da orde do día da reunión extraordinaria, e deberá acompañarse dos documentos que poidan ser necesarios para o debate que se solicite, que se remitirán ás asociadas xunto coa orde do día.

As sesións abriranse cando así o determine o/a Presidente/a, e seguidamente procederáse por parte do/a secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior, para a súa aprobación.

Posteriormente, o/a secretario/a exporá a orde do día e cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados os asuntos da orde do día, se o/a presidente/a o considera oportuno ou se o solicita un 10% dos asociados, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, e concluído isto, levantarase a sesión por parte do/a presidente/a.

Artigo 14. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre, na primeira convocatoria ou, transcorridos 15 minutos, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 15. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- A. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- B. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- C. Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- D. Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- E. Aprobar a incorporación ou separación a unha federación, ou a calquera organización de ámbito superior na que estea, ou poida estar asociada a ANPA:
- F. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- A. Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- B. Elixir e cesar ás persoas integrantes da Xunta Directiva.
- C. Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas tra-la proposta da Xunta Directiva
- D. Acordar a transformación ou fusión da asociación.
- E. Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- F. Ratificar a expulsión de asociados/as tra-la proposta da Xunta Directiva.
- G. As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.

H. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 17. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría de 2/3 dos votos emitidos, para adoptar os seguintes acordos:

- A. Designación de membros da Xunta Directiva
- B. Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- C. Disolución da asociación.
- D. Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- E. Disposición ou alleamento de bens.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 18. A Xunta Directiva: Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

- A. Estará formada por: Presidente/-a, Vicepresidente/-a, Secretario/-a, Tesoureiro/-a e Vogais, designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.
- B. O posto de vicepresidencia non será de cobertura obrigatoria, podendo quedar vacante se así o decide a Asemblea Xeral.
- C. O número de vogais será o que fixe a Asemblea Xeral en cada ocasión na que se renove a Xunta Directiva.

- D. A asemblea xeral procurará que a Xunta Directiva respecte o principio de paridade, e que non haxa nela menos dun 40 % de homes, nin de mulleres sempre que sexa posible.
2. O seu mandato será renovado cada dous anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.
3. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán designados entre os seus propios membros dun xeito democrático e pensando no ben común e sen ningún tipo de interese persoal e informarase á Asemblea Xeral e ás/ós asociadas/os, do resultado desta designación. Igualmente, será a Xunta Directiva quen resolverá os casos de substitución dalgún dos cargos, canto quede vacante por calquera das razóns posíbeis, estando obrigada igualmente a informar á Asemblea Xeral e ás persoas asociadas.
4. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.
5. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:
- A. Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
 - B. Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
 - C. Resolución xudicial.
 - D. Renuncia voluntaria, que será efectiva ós sete días naturais dende a data da súa comunicación á asociación, tendo ese tempo para facer un traspaso de poderes e documentación poñendo ó día o sucesor designado pola Asemblea Xeral ou ao substituto temporal designado pola Xunta Directiva.
 - E. Perda da condición de persoa asociada.
 - F. Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
 - G. Emprego do cargo na Xunta Directiva para beneficio propio.
 - H. Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros.

Artigo 19. Reunións e acordos

1. A Xunta Directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes a metade dos seus membros e, en todo caso -contabilizada dentro dese mínimo- a persoa que ocupe a presidencia ou a secretaría, ou as persoas, de entre a propia directiva, que designaran para substituílas.
3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidente.
4. A convocatoria da Xunta Directiva será realizada cun mínimo de sete días naturais, podendo convocala cun día de antelación se o punto a tratar é de carácter urxente.
5. A Xunta Directiva será informada dos puntos a tratar mediante a orde do día que será presentada polo/a presidente/a aos seus membros de maneira dixital ou física.
6. A Xunta Directiva poderase convocar, constituír e celebrar as súas sesións e adoptar os seus acordos de maneira presencial ou a distancia, según se estime oportuno.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunións a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

Artigo 20. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- A. Programar e dirixir as actividades asociativas que fosen aprobadas pola Asemblea Xeral.
- B. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.

- C. Executar os acordos da Asemblea.
- D. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- E. Convocar e fixar as datas das Asembleas.
- F. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- G. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- H. Propoñer normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- I. Aceptar as solicitudes de ingreso das persoas socias, e efectuar as comprobacións necesarias para que estas solicitudes conteñan todos os datos necesarios.
- J. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- K. Propoñer á Asemblea xeral a aprobación dos procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 21. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- A. Libro de socias: unha relación actualizada de persoas asociadas, na que se incluíra ordenadamente a totalidade das persoas que foron socias nalgún momento da vida asociativa, e na que figurará como mínimo a data de alta, os datos persoais e de comunicación e a data de baixa como asociada.
- B. Libro de tesouraría: documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- C. Libro de Inventario dos seus bens.
- D. Libros de actas das reunións da Asemblea xeral e da Xunta directiva.
- E. Libro de doazóns: no caso de facelas ou recibilas.

F. Libro de voluntariado: no caso de utilizar este tipo de colaboración.

Artigo 22. A Presidencia

A presidencia é un órgano unipersoal, ocupado por unha persoa socia que sexa escollida para este cargo pola Xunta directiva, de entre as persoas que conforman ese órgano escollido pola Asemblea Xeral. A persoa que ocupe a presidencia terá as seguintes atribucións:

- A. Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado, incluíndo o Consello Escolar do centro se a Asemblea Xeral non toma unha decisión contraria.
- B. Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- C. Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- D. Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- E. Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coas persoas que ocupen a secretaría, a tesouraría, ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 23. A Vicepresidencia

A persoa que ocupe a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, polo que debe traballar en estreita colaboración con ela; podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 24. A Secretaría

1. A persoa que ocupe a secretaría terá as seguintes atribucións:
 - A. Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
 - B. Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.

- C. Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- D. Expedir certificacións dos acordos co visto e prace do presidente/a, así como emitir informes.
- E. Redactar o inventario de bens da asociación.
- F. Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- G. Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

Todas estas atribucións realizaranse en estrita colaboración coa persoa que ocupe a presidencia, e dando conta ao resto da Xunta directiva.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ocupe a Presidencia.

Artigo 25. A Tesouraría

- 1. A persoa que ocupe a tesouraría terá as seguintes atribucións:
 - A. Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
 - B. Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia
 - C. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ocupe a presidencia.
 - D. Elaborar o anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
 - E. Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea
 - F. Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Todas estas atribucións realizaranse en estrita colaboración coa persoa que ocupe a presidencia, e dando conta ao resto da Xunta Directiva.

Artigo 26. As Vogais

Os demais membros da Xunta Directiva, terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

Artigo 27. Representación no Consello Escolar

A representación da ANPA no Consello Escolar do centro recaerá na persoa elixida na Asemblea Xeral, mediante o procedemento de elección, e indicando o tempo polo que se lle nomea e as condicións desa representación.

A persoa representante, terá que informar á asociación das ordes do día das reunións convocadas do Consello Escolar, coa finalidade de que as persoas socias poidan expresar a súa opinión, e tamén as consideracións que desexan transmitir, a través da persoa representante, dentro do Consello escolar.

Así mesmo, a persoa representante deberá informar aos membros da asociación dos acordos que se tomaron no Consello Escolar, e da dirección do seu voto en cada unha das decisións. Esta información terá o nivel de detalle que a xunta directiva da asociación lle requira.

CAPÍTULO IV - RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial

A asociación iniciou as súas actividades anos atrás cun patrimonio inicial de 600 euros.

Artigo 29. Exercicio económico

O exercicio económico da asociación coincidirá co ano natural para facilitar a xestión fiscal da mesma; porén levaranse tamén rexistros auxiliares que informen economicamente sobre cadanseu curso escolar.

Artigo 30. Recursos económicos

A asociación manterase exclusivamente dos seguintes recursos:

- A. As cotas periódicas ordinarias das persoas asociadas, na contía que aprobe a Asemblea Xeral.
- B. As cotas extraordinarias que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral, logo da proposta da Xunta directiva.
- C. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares. As doazóns non poderán nunca ter ningún tipo de contraprestación por parte da ANPA, especialmente as vinculadas á exposición de calquera tipo de publicidade dentro do material informativo da asociación. As subvencións deberán tratarse, a nivel contábel, dun xeito separado para poder identificar o seu grao de cumprimento, se se considera necesario.
- D. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación. Estas actividades serán exclusivamente as de carácter extraescolar que a normativa vixente permita. A asociación prestará especial coidado á non realización de actividades de índole comercial.
- E. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas se o solicitan durante un prazo que se procurará superior, pero nunca inferior ao establecido no artigo 13 destes estatutos.
2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación.

En ningún caso poderán utilizarse os fondos da asociación para o:

- A. Reparto dos mesmos ás persoas asociadas, na súa totalidade ou en grupos, ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.
- B. Financiamento do centro escolar, nin entregándolle contías económicas nin participando nos gastos ordinarios do mesmo.
- C. Realización de actividades de carácter social que afecten singularmente a persoas concretas.

Artigo 33. Recoñecemento de sinaturas nas entidades bancarias

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a, o/a Secretario/a e o/a tesoureiro/a, para a utilización conxunta de dúas delas.

CAPÍTULO V - DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 34. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O Regulamento de réxime interno, no caso de existir, deberá ser obxecto de información permanente ás persoas asociadas, informando da súa localización nun espazo dixital, ou entregándose fisicamente a todas as novas asociadas, e actualizándose permanentemente cos acordos e decisións asemblearios que puideran afectarlle.

O Regulamento non poderá minorar, nin limitar, os dereitos das persoas socias que se contemplan nos presentes estatutos. A súa intencionalidade é aclaratoria e específica

para todo aquilo que nestes estatutos quede necesariamente consignado dun xeito xeral, pero non pode modificalos de feito.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI – MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35. Modificación dos estatutos

1. Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou ½ dos socios/as. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días naturais para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estimen oportunas mediante un escrito físico ou dixital. Éstas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

2. Para ser aprobada a reforma dos estatutos, será necesario o voto favorable dos 2/3 da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 36. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- A. Por acordo adoptado por maioría cualificada en Asemblea Xeral Extraordinaria.
- B. Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- C. Por sentenza xudicial firme.
- D. Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 37. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. Os membros da Xunta Directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola Asemblea Xeral ou por autoridade competente.

3. Corresponde aos liquidadores:

- A. Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
- B. Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- C. Cobrar os créditos da Asociación.
- D. Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
- E. Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
- F. Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.

4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En _____, a ____ de _____ de _____

Asdo.: _____ Asdo.: _____